

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 688, do 10 de agosto de 2016, do prego de cláusulas administrativas da contratación de subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura

Advertido un erro na publicación do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa de subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección:

Na páxina 157412, na cláusula sexta,
Onde di:

«B) Sobre B: «Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor».

Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuvédé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 15 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

En todo caso, deberá conter a documentación exigida no punto 16 do cadro de especificacións.

Neste sobre B non se poderá incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían baseándose nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, a cal debe incluírse no sobre C.

O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.»

Debe dicir:

«B) Sobre B: «Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas».

1. Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuvédé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e, ademais, a documentación que permita a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 15 do cadro de especificacións.

En todo caso, deberá conter a documentación exigida no punto 16 do cadro de especificacións.

2. O importe da proposición non poderá superar o orzamento de licitación establecido no cadro de especificacións.»

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2016.

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior